

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS E MOBILIDADE DO 22 de outubro de 2021.

PRESIDENTE: DON XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO

SUPLENTE: DON GREGORIO AGÍS GÓMEZ

VOGAIS:

DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA
 DON SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ
 DON GORKA GÓMEZ DÍAZ
 DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS substituíndo a Carlos López Font
 DON MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ
 DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO substituíndo a Ana Laura Iglesias González
 DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS
 DON MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO
 DON JORGE CUBELA LÓPEZ
 DON JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ
 DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ
 DON. IGNACIO MARIL PARDO
 DON JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
 DON JAVIER TOURÍS ROMERO
 DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA substituíndo a Uxío Benítez Fernández.

Sendo as doce horas e vinte minutos do día 22 de outubro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade.

Preside a sesión Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretaria, por delegación do secretario xeral, Montserrat Conde López, xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. Aprobación da acta da sesión anterior (20 de setembro de 2021).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión de 20 de setembro de 2021.

2.- Moción do grupo provincial do Partido Popular para mellorar a estrada provincial EP 8001 Caldas de Reis – Catoira e instar a Fomento que mellore os accesos desde a AP-9.

Sométese a ditame a Moción que se transcribe:

"O grupo provincial do Partido Popular, e no seu nome o voceiro Jorge Cubela López, ante o pleno da Deputación de Pontevedra presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte

MOCIÓN PARA MELLORAR A ESTRADA PROVINCIAL EP-8001 CALDAS DE REIS-CATOIRA E INSTAR A FOMENTO QUE MELLORE OS ACCESOS DESDE A AP-9 .

A EP-8001, que une Caldas de Reis e Catoira, é unha estrada provincial perigosa, que concentra numerosos accidentes e que, de feito, así ten sinalizados algún dos seus tramos. Unha situación da que é coñecedora os veciños destes dous concellos, así como os usuarios, e de feito esta mesma moción xa foi aprobada recentemente polos plenos municipais dos concellos de Caldas de Reis e de Catoira (neste último caso foi co voto favorable do grupo municipal socialista).

Unha situación de extremo perigo que esixe dunha actuación en profundidade nesta estrada que permita eliminar os tramos de maior sinistralidade e garantir a máxima seguridade. Non hai que



esquecer, ademais, que esta á unha das estradas provinciais que máis tráfico rexistran, concretamente están por riba dos sete mil vehículos diarios, en moitos casos vehículos industriais posto que esta é a estrada que utiliza todo o Barbanza para acceder á AP-9 dirección sur.

Precisamente, a maiores da perigosidade que ten esta estrada, na EP-8001 tamén entronca o enlace á autopista para os condutores que queren ir ou chegan desde o sur. Polo que é unha reclamación de todos os veciños desta comarca esixir ao Ministerio de Fomento que ese enlace se compete para que tamén poidan saír ou entrar os vehículos que desexen vir desde o norte.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS

- 1. Que a Deputación de Pontevedra faga unha reforma urxente e en profundidade na EP-8001, entre Caldas de Reis e Catoira, que permita cambiar o trazado e eliminar as curvas máis perigosas, así como outras medidas adecuadas para incrementar a seguridade e que deixe de ser unha vía perigosa e con tramos de concentración de accidentes.*
- 2. Dar resposta inmediata ao compromiso adquirido pola presidenta hai máis de tres anos, durante unha visita á EP-8001, para construír unha rotonda xusto no punto de enlace da estrada coa peaxe da AP-9.*
- 3. Instar ao Ministerio de Fomento a deseñar o proxecto e a contratación urxente das obras para que o nudo de Carracedo da AP-9 sexa completo, de maneira que se poida acceder a esta infraestrutura tanto en dirección norte como sur.*
- 4. Dar traslado deste acordos ás corporacións municipais de Caldas de Reis e Catoira”.*

Realizada votación prodúcese o seguinte resultado: 7 votos a favor (Grupo do Partido Popular); 10 votos en contra (8 Grupo Provincial do Partido Socialista e 2 Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego).

A Comisión acorda, por maioría absoluta, ditaminar desfavorablemente a Moción.

3. Rogos e preguntas.

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos o presidente levanta a sesión sendo as doce horas e vinte e dous minutos do que eu, secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente.

